

O NADAL



XXXIV

certame
de
xornalismo

certame
de
poesía



XXXIV CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL

Patrocina:



LOGOTIPO:

XOSÉ RODRÍGUEZ VARELA

DESEÑO MAQUETACIÓN:

XESÚS FRAGA

COORDENACIÓN:

XULIO XIZ RAMIL

IMPRESO EN «LA VOZ DE LA VERDAD»

DEP. LEGAL LU 345 - 2010

XXXIV CERTAME DE XORNALISMO SOBRE O NADAL

Patrocina:



XUNTA DE GALICIA

Colabora:

Concello
de **BEGONTE**

ARREDOR DO NADAL

Este Nadal preséntasenos en Begonte con ribetes tristesiros, que temos que superar na confianza de que o Neno que nos nace de novo nos vai encher, un ano máis, de ledicia e de paz.

Esta edición, que fai xa a número XXXIX das celebradas arredor do Belén electrónico de Begonte, é a primeira que celebraremos sen o creador do Belén, José Rodríguez Varela –Joselín– que descansou na paz do Señor a comezos do pasado mes de xullo.

E crendo –sabendo– que Varela está gozando da ledicia que Deus garda para os seus, merecida no decurso dunha vida de paz e amizade, cunha dedicación especialísima á nosa recreación do milagro do Belén, deixamos constancia da súa ausencia, e da orfandade na que nos deixa, cun baleiro tan grande como a súa compañía, a súa dedicación, a súa humanidade.

Este ano, na lembranza de Varela, en homenaxe á súa creación e ó seu traballo, o Belén será o mesmo que el preparou para a pasada edición, conservando cada figura a vida que el lle deu, e tendo o conxunto o valor dunha herdanza, o agarimo que el poñía en todo o que tocaba.

E tamén este ano colocaremos unha placa para darlle o seu nome, por fin, ó Museo do Belén. A modestia do amigo que se nos foi non permitiu durante todos estes anos que fixésemos patente que a instalación que lembra a traxectoria do Belén se chama “Museo José Rodríguez Varela”.

Todo o Belén leva impresa a pegada da súa autoría. E se o centro cultural que impulsa o Belén

*leva o nome do fundador, José Domínguez Guizán,
é xusto que o Museo que marca a traxectoria do na-
cemento leve o nome de Varela.*

*Todo o que agora e sempre fagamos en Begonte
arredor do Nadal, arredor do Belén, honrará a me-
moria dos dous, xuntos na feliz iniciativa, xuntos
por sempre na paz definitiva e na nosa memoria.*

A handwritten signature in black ink, reading "Jesús Domínguez Guizán". The signature is written in a cursive style and is enclosed within a large, loopy circular flourish that also underlines the text.

*Jesús Domínguez Guizán,
Presidente do Centro Cultural
José Domínguez Guizán de Begonte*



POESÍA

O Centro Cultural José Domínguez Guizán de Begonte, entidade promotora do Belén Electrónico co patrocinio de Caixa Galicia, co gallo do Nadal 2009 convoca o XXXIV Certame Nacional de Poesía sobre o Nadal.

1.—Poden concorrer todos os poetas que o desexen, con textos en galego ou castelán.

2.—O tema dos traballos ha ser o de O NADAL, desde calquera punto de vista.

3.—Hanse valorar os textos que fagan referencia a Begonte e o seu Belén.

4.—É libre a construción dos poemas e a medida dos versos.

5.—Hanse conceder os seguintes premios:

PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 600 euros e estatuíña de Sargadelos.

SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 euros e estatuíña de Sargadelos.

6.—A remisión de orixinais farase por triplicado ó Centro Cultural de Begonte (Lugo), tanto persoalmente como por correo certificado, antes das doce horas do día seis de xaneiro de dous mil dez.

7.—Todos os traballos han ser presentados baixo plica, facendo constar nela os datos persoais do autor.

BEGONTE (Lugo), Nadal de 2009.

BASES

FALLO DO XURADO DO XXXIV CERTAME DE
POESÍA “BEGONTE E O NADAL”



O Xurado calificador dos traballos presentados ó XXXIV CERTAME DE POESÍA “BEGONTE E O NADAL”, formado por:

D. XAVIER RODRÍGUEZ BARRIO (escritor)

D. SINESIO PÉREZ RODRÍGUEZ (En representación da entidade patrocinadora)

D. XULIO XIZ RAMIL (En representación da entidade convocante, que actúa como secretario), acordou conceder os premios instituídos:

— *PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 600 euros e estatuíña de Sargadelos, ó poema COMETA BRANCA NA SINGRADURA DUN BRANCO RONSEL, do que resultou ser autor XOSÉ OTERO CANTO de Lugo.*

— *SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 euros, e estatuíña de Sargadelos, ó poema AGORA, do que resultou ser autor BALDOMERO IGLESIAS DOBARRIO (Mero), residente en Xanceda (A Coruña).*

O SECRETARIO DO XURADO

Xulio Xiz Ramil

**FALLO
DO
XURADO**



XOSÉ OTERO CANTO

Nado en Ponte de Outeiro (Castro de Rei-Lugo), é profesor de ensino secundario na materia de Lingua Castelá e Literatura no I.E.S. Lucus Augusti de Lugo, centro no que estudou de pequeno.

Ten publicados os libros de poemas "Salaos da Chaira" (con ilustracións de Anxo Lamas, editado pola Fundación Manuel María da Terra Cha, Colección "As foulas do Rañego" N° 4), "Arelas de prata e soños" e "Outono, mancebo céfiro de ás ergueitas".

En 2007 obtivo o segundo premio no Certame Literario do Concello de Vilalba co libro de poemas "Nesta silandeira cremalleira de auga", referido ó Río Miño. En 2008 consegue o 1º premio do XXXIV Certame do concello vilalbés polo poemario 'Atafegando o Asfalto'. Xa en 2009, o Premio Nacional de Poesía sobre o Nadal en Begonte e o 2º premio do XXXV 'Certame literario de Vilalba', polo poemario "Outono, mancebo céfiro de ás ergueitas".

COMETA BRANCA NA SINGRADURA DUN BRANCO RONSEL

POETIZADOR

*Entre as casulas abertas dos soños perdidos na distancia
résgase o mouro da noite nun amor inxente de luz
e albíscase a cabalo dunha estrela que leva xácomas de prata
nas bocas abertas dos ángulos abouxados de ben.
Pousado entre os nimbos das nubes, nas escumas dos algodóns da noite,
percorrendo as enerxías que relustran nas bibliotecas do saber do ceo,
e tráenos parágrafos de pensamentos para as librarías da terra
facendo nunha cometa branca a singradura dun branco ronsel.*

TODOS

*“Nun pobre alboio en Begonte
de pedra xunta ao camiño,
entre a rubia e a cachena
veu a nacer o meniño
encoiro coma os carballos
que están á beira do río.
Ladran os cans e O Ladra
é testemuña e vestixio”.*

POETIZADOR

*Pallas pousadas no xergón fornecido das frías pedras.
Atlante espido que sostén a idea do portal á luz de Venus.
Semellanza do home arroubado en neno que enxerga a Deus.
Picariño saudoso no cadrante morfolóxico dunha Gallaecia que morre,
mais el nace afouto para falar a lingua que dos celtas os homes aledan,*

*para dicir as verdades que fan tremer as bóvedas celestiais,
para defender aos pobres do global e a xustiza tiránica do mal.*

TODOS

*“Belén resoa en Begonte
onde queira que se escoite,
dende o fondo da noite
e tan cerquiña do tren”.*

POETIZADOR

*Queceron alentos das vacas no portal aberto á liberdade do ser
e aburan as mechas das ideas no portalón da igualdade,
na cova do sentimento que se ata en lazadas de amor,
no tobo da caridade que fai aterrar os ídolos egoístas do existir.*

OS BEGONTINOS

*“Nabizas nas leiras
á beira do río
cuberto de frío.
A este neno do alén
darémoslle o caldo
con unto e rustrido
para quentarlle o corpo,
as mans e o sentido”.*

POETIZADOR

*Choven silencios de eternas verdades e as falopas cravuñan as horas.
Brema nos corazóns por ver o Belén moverse:
Xosé Domínguez... creador dunha quimera na ilusión das horas.
Xosé Rodríguez... trinta e oito anos artellando tornecelos.
Electrónica e idea na inocencia da fe e da técnica.*

*Dous meses de delirio e fantasía no percorrer dos días,
no Begonte que aluma certas figuras no retrato das metáforas,
no buligar cadencioso de máis de trinta e oito anos, e de preto corentón,
no sentir deste museo onde aluma a estrela,
onde a noite é misterio,
onde a luz é o ser*

BEGONTINOS

*“É un Chairego de soños
e teremos que inscribilo
de Begonte no Concello.
Por nome será Xesús
e Deus tamén de apelido”.*

TODOS

*“Nun pobre alboio en Begonte
de pedra xunta ao camiño,
entre a rubia e a cachena
veu a nacer o meniño
encoiro coma os carballos
que están á beira do río.
Ladran os cans e O Ladra
é testemuña e vestixio;
vindo a traelo a cegoña,
peza nova do destino”.*



BALDOMERO IGLESIAS DOBARRIO *(Mero)*

Baldomero Iglesias Dobarrío (MERO), naceu en Vilalba en 1951. É mestre. Fundador de FUXAN OS VENTOS e A QUENLLA, ten adicada a súa vida á música e a poesía, tendo gravadas arredor de medio cento de cancións das que é autor da letra, e de moitas delas da música. Ten recollido milleiros de cancións populares por todo Galicia.

Ademais do libro colectivo “GALICIA CANTA Ó NENO”, ten publicado SOCIAIS (de terceiro, cuarto e quinto de E.X.B.) EXPERIENCIAS (primeiro e segundo de E.X.B.), GALEGO-LINGUAXE (de primeiro a quinto), CONTOS DE VELLO PARA NENOS, SOMOS LENDA VIVA (Lendas para nenos), e CANTOS, COPLAS E ROMANCES DE CEGO (I e II).

AGORA

Agora que xa temos abrigo para os fríos
deixamos aos irmáns na noite escura espidos.
Agora que xa temos enchidas as lareiras
quedóusenos o amor carpindo nas fumeiras.
Agora que xa temos colmadas as alforxas
non veñan amolarnos pedíndonos esmola.
Agora que xa temos na cara un gran sorriso
miremos a outro lado finxindo distraídos.
Agora que xa temos repletas as despensas
deixemos que un salouco nos dispense as consciencias.
Agora que xa temos un teito para a noite
pechémonos por dentro sen que ninguén escoite.
Agora que xa temos cubertas en exceso as ansias de poder,
agora carecemos daquela irmandade que tende a man e axuda
con bicos doces, tenros.
Agora que xa temos colmadas abundancias de bens e de diñeiros,
imos quedando cegos nos usos xenerosos, de afagos e namoros,
de cántigas nos beizos, ...desas que abren os ollos,
atentos en tenruras e en nobres sentimentos.
E levan o sentir cargado de indulxencias
e poñen a esperanza sobre os fillos e os netos.

Agora que tanto temos, ... cremos que somos donos.
Ai, pobres ignoramos de canto carecemos!
E agora que tanto temos, ...cremos sabelo todo.
Pobres de nós pois quedamos no pouco que coñecemos!
Proprietarios dos instantes, perdedores dos momentos
somos xuíces dos outros e avogados de nós mesmos
coñecedores por fóra do que ignoramos por dentro:

quedamos abrindo os ollos, poñéndolle a todo un prezo.
Perdidos nesta obsesión de ter moito e de non sermos
pensamos que ter valor é aumentar canto temos.
Quedamos arruinados desa humana condición, sublime do entendemento,
que acode aos nosos irmáns e alivia os seus sufrimentos.
Caemos nese baleiro onde un peca de omisión, tan altivos e soberbios,
que ignoramos aos vencidos e, sen causa nin razón,
sen sabermos nada deles, profanamos a súa dor, desoíndo os seus xemidos.
Non nos fagamos os xordos, tampouco mudos e cegos
pisando a verdade mesma e humillando os seus dereitos.
Pois vivir é compartir, na lei que escribe silencios
—desde que o mundo é mundo, antes dos tempos ser tempos—
sen abater aos caídos que sofren padecementos.

Ide a Begonte e lembrade a Luz daquel Sol pequeno
que abriu desde o amor anceios. Foi nun solsticio de inverno.
E aquel lume en resplandor, ...din que xurdiu en Belén,
redime desde o perdón os males propios e alleos,
repartindo Paz e Ben, ...e predicando co exemplo!

XXXIV CERTAME DE XORNALISMO
“BEGONTE E O NADAL”

O Centro Cultural JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN de Begonte (Lugo), entidade promotora do BELÉN ELECTRÓNICO DE BEGONTE, co fin de potenciar o espírito do Nadal, e que se coñezan mellor os actos que con este motivo se celebran en Begonte, convoca o

**XXXIV CERTAME XORNALÍSTICO
“BEGONTE E O NADAL”**

de acordo coas seguintes BASES:

A. Poderán tomar parte neste certame os que publiquen, en calquera xornal, revista ou en internet, en lingua galega ou castelá, algún traballo ou serie de traballos sobre calquera tema que faga referencia ó Nadal en Begonte e –en xeral– ó Nadal en Galicia.

B. Establécense dous premios para os que se consideren os mellores traballos presentados, dotados con:

PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO.– 600 euros e estatuíña de Sargadelos.

SEGUNDO PREMIO.– 300 euros e estatuíña de Sargadelos.

C. O prazo de entrega dos traballos que se presenten ó certame rematará ás 12 horas do próximo día seis de xaneiro de 2010, debendo facerse a entrega no Centro Cultural de Begonte, persoalmente ou por correo.

D. A presentación ha facerse por triplicado exemplar do xornal ou revista na que se publicase o traballo, xunto cunha nota na que se fagan constalos datos persoais do autor. No caso de traballos en internet, texto, autor e indicación da páxina onde está publicado.

BEGONTE, NADAL de 2009.

BASES

FALLO DO XURADO DO XXXIV CERTAME
XORNALÍSTICO “BEGONTE E O NADAL”



O Xurado calificador dos traballos presentados ó XXXIV CERTAME XORNALÍSTICO “BEGONTE E O NADAL”, formado por D^a BLANCA PACÍN SOMOZA; D. MARCIAL GONZÁLEZ VIGO; D. JESÚS DOMÍNGUEZ GUIZÁN e D. JOSÉ RODRÍGUEZ VARELA, do Centro cultural de Begonte, que actúa como Secretario, examinados os traballos presentados, acorda emitir o seguinte fallo:

PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO, dotado con 600 euros e estatuíña de Sargadelos. Concédese a PABLO NÚÑEZ, polo artigo “BEGONTE, BELÉN INFINITO” publicado en www.galiciadigital.com.

SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 euros e estatuíña de Sargadelos, concédese a “A ALDEA DO BELÉN” de RAMÓN EIJO BALSEIRO, publicado no xornal El Progreso.

Pola calidade dos traballos, concédese unha MENCIÓN DE HONRA, dotada con estatuíña de Sargadelos, a XOSÉ ROMÁN ESCOURIDO BASANTA, polo seu artigo “UNHA NOVA ESTRELA NO BELÉN DE BEGONTE”, publicado no xornal La Voz de Galicia.

O SECRETARIO DO XURADO

José Rodríguez Varela

**FALLO
DO
XURADO**



PABLO NÚÑEZ GONZÁLEZ

Funcionario da Xunta en Lugo, sente paixón polas grandes civilizacións, en especial pola romana e a celta.

Coa súa primeira novela, “Las hijas del César” (editada por El Andén en varios idiomas), foi finalista do Premio Planeta de Novela 2006. É unha intensa viaxe pola Galicia dos césares, na que Lucus Augusti é ó mesmo tempo escenario e protagonista.

A súa segunda novela, “Ladrones de historia” é o dinámico relato dunha trama en tempos da guerra civil, na que unha banda internacional tenta saquear o riquísimo patrimonio cultural do país.

BEGONTE, BELÉN INFINITO

- Deus, papá, este é máis grande que o noso!

Cos ollos de Lauriña alumeando a inocencia dos catro anos, e os meus beizos sorrindo pola ocorrencia da cativa, cumpro coa miña cita, coa obriga que me impoño dende que eu mesmo tiña a súa idade, dende que os meus avós ou pais dicían aquilo de “imos a ver ao neno máxico”. E iamos a velo. Ao neno Xesús, claro, non a Harry Potter, que este viu a luz dous mil anos despois.

Pois iso era e é para min, maxia. O feitizo dun nacemento infinito, dunha paixón artellada con figuríñas e o corazón dun xenio, dun agasallo feito para os ollos e pensado para os sentidos. A estrela, que, xemelga á dos magos de Oriente, marca o camiño cara o Nadal, e dirixe os nosos pasos pola senda da tradición cultural e da fe nese neno que deixou para sempre a súa pegada na Historia da Humanidade.

- Olla, papá. Alí, alí! Está a pescar unha troita no río! E aló, un muíño, que bonito é, e os porquiños, e o cura, e o carpinteiro... E non se queimarán co lume?

Volvo a rir, pero mira que levo anos vindo e sempre me agachan algunha sorpresiña máis. Hai que ser un verdadeiro experto begontiniano, permítaseme a expresión como aquela dos escribidores de Camilo Xosé Cela, para atopar as novidades que en cada edición nos preparan os mestres do Nadal e da ilusión. E aí comeza o xogo, xoguemos.

Quizais doutra o castelo alzábase máis a dereita, ou o home que leva a palla camiñaba cara a lavandeira, non estaba o torneiro preto desa casiña?

Tentareino de novo, tentarei no vindeiro ano acordar tódolos personaxes, os carreiros, as palleiras, a ver se os zoqueiros seguen preto das árbores, a ver se eses dous homes seguen a serrar no toro no mesmo lugar, ou o forno cocendo, ou as candeas refulxindo naquelas cabanas. E aínda que os ollos loiten por permanecer abertos, pechareinos. E ao pechalos poderei sentir o espírito do que ata agora vin, escoitarei o son da serra, os trinos dos paxaros, o rebumbio da auga na lagoa, e o roce das pedras do muíño, as pingas de choiva trala treboada, e o canto do grilo. Sentirei na pel o calor do abrente de sol, o frío do inverno e a humidade da néboa; sentirei como toma o relevo a raíña da noite, a lúa meiga, e como as súas irmás as estrelas cantan as nanas ao neno do carpinteiro.

Volto a mirar e deixo que a imaxinación voe como unha pomba, orgullosa, bela, libre. E parece-me que o neno que xa adoran os reis reclama o leite a María, que o galo anuncia un novo día, que o centurión romano berra aos seus lexionarios para que formen de seguida. E fico co romano, admiro a

súa estampa de heroe e a súa capa vermella, e penso mirando de paso para o castelo, o que ocorrerá cando o neno se faga home. Pero iso xa é outra historia.

Esperto do soño e sinto a man da miña filla apertando con forza, e sei o que significa esa maneira de agarrarme, vexo nos seus ollíños o que sente o seu corazón limpo e tranquilo.

- Cando voltamos?

Resposta sinxela, cando as néboas de Santa Lucía volvan asomar pola provincia. Cada ano voltarás co teu pai, como el o fixo cos seus avós, e ata virás cos teus fillos como fixeches comigo. E aí reside a verdadeira maxia, o feitizo, a infinidade do milagre de Begonte, porque o seu agasallo é unha herdanza que vai de xeración en xeración coma un tesouro. Non é de ouro, nin de pedras preciosas; é dos sentimentos, da ledicia, da mestría que nace nas mans dos artesáns que imaxinan semellante obra de teatro a pequena escala; unha xoia que medra no interior de cada un de nós ata facernos sorrir e sentir, ata facernos soñar.



RAMÓN EIJO BALSEIRO

Naceu na parroquia de San Isidoro do Monte, a máis montañosa do concello de Xove.

Pertence ó persoal do Sergas (area administrativa) que compaxina con outras actividades.

Góstalle moito escribir, sobre todo relatos curtos dos que ten algún que outro publicado.

A ALDEA DO BELÉN

Polo Nadal recibín a visita de Gabriel, un neto dun tío lonxano meu que emigrara para a Arxentina aló polos anos trinta. A pesar de traballar toda unha vida, as cousas non lle foran demasiado ben e xamais puido voltar á súa terra. Dicían que a diario lle viña o recordo daquel abrazo que súa nai lle dera na despedida como dicíndolle: Xa non te volvo a ver máis, meu fillo; e como Centinela, a súa cadelina, fora correndo detrás del ata que se lle acabaron as forzas. Agora mudaron os tempos, pero os anos e a súa enfermidade impídenlle voltar, por iso Gabriel traía un encargo moi especial, visitar a aldea de seu avó e contarlle como se atopaba todo.

Nos días posteriores aproveitei para ensinarlle as cidades de Galicia, as mariñas, o verde que o fascinaba... Non paraba de fotografar cada recuncho que para min pasaba desapercibido. Cada día que pasaba non facía máis que preguntarme, nun galego con acento arxentino, que se facía un pouco gracioso: Cando imos ó lugar do meu avó? Eu dáballes prazos, pois non sabía como dicirlle que moitas aldeas de Galicia desapareceran, entre elas esta, que se atopaba moi preto da parroquia de San Martiño de Pacios, e outras moitas estaban a punto de facelo. Claro que Gabriel non entendía moi ben por que desaparecerían estes asentamentos. Eu explicáballe que era polos cambios xeracionais, pois a xente nova ía toda para as cidades na procura dun futuro mellor.

Un día decidimos ir e cando iamos chegando, dende un montouto, puidemos ollar que o que an-

tes era unha aldea chea de vida hoxe era unha fraga cuberta de vexetación, non había nada daquelas terras que antano estaban sementadas de trigo; das casas soamente quedaban os sitios, pois as pedras incluso foran levadas para cerrar fincas de chalés de ricos. Ese día o vento azoutaba con forza, e botamos a correr por un camiño que antigamente levaba a unha fonte e dende alí ámbolos dous berramos, respondéndonos o eco dende o outro lado. Calamos uns segundos e entón escoitamos o río Ladra que xemía con laios en solitario.

Ó regreso, Gabriel, coa faciana triste, dicíame qué lle ía ensinar agora ó seu avó. Eu non sabía como axudalo, pero ese día íamos estar de sorte pois ó baixar para Begonte atopamos paseando a Don Jesús Domínguez, que non tardou en preguntarme quen era o rapaz e, ó velo choroso, quixo saber o motivo de tanta tristura. Despois de comentarlle o sucedido, Don Jesús non tardou en dicirle: Alegra esa cara, mociño! Pois vas ve-la aldea do teu avó, a máis bonita e a mellor conservada de Galicia. Logo de andar un pouquiño e tras abrímos unha porta, alí estaba a marabillosa aldea do BELÉN DE BEGONTE.

Gabriel quedou abraiado e, con ollos como pratos, non sabía por onde comenar a miralo para así poder face-la reportaxe e cumprir co encargo. Mentres, Don Jesús íalle explicando: Mira, Gabriel, dende que o neno Xesús nos veu nacer aquí hai trinta e oito anos, esta aldea, ó contrario doutras, non parou de medrar. Tódolos anos temos uns

veciños máis nun terreo de pouco máis de oitenta metros cadrados e nunca estamos sós, pois véñennos visitar centos de persoas que ano tras ano achéganse ata aquí para vivir con nosoutros o misterio do Nadal, facendo as delicias de pequenos e maiores.

Gabriel non articulaba palabra mentres que Don Jesús lle ía debullando cousa por cousa e dando resposta a cada pregunta que lle facía: A aldea do teu avó era así cando se foi, a vida pasaba apraciblemente, vivían do que lles daba o val, axudaban uns a outros, pasaban moitas necesidades pero compartían o que tiñan e eran moi felices. Gabriel deixou de mirar por un momento o Belén para dicirnos: Agora comprendo por que o meu avó me dicía que se fose hoxe non emigraría.

Don Jesús dicíanos: A emigración foi moi dura e hoxe é unha boa hora para solidarizarnos co teu avó e sobre todo co neno Xesús, que tamén foi un emigrante naqueles duros tempos, pois os seus pais tiveron que andar dun sitio para o outro para salvalo.

Alí estivemos horas e horas e cando saímos do centro cultural de Begonte xa era noite pecha e Gabriel non paraba de dar pulos ó aire debaixo da intensa choiva que neses momentos caía, mentres dicía: Agora si que se vai poñer contento o meu avó.

De volta na Arxentina non tardei en recibir noticias del, pois nada máis chegar apurou en levarlle as fotos a seu avó que, enfermo terminal nun

hospital de Bos Aires, empezou a miralas unha por unha non parando de dicir que se sentía o home máis rico do mundo malia non facer fortuna na emigración. No medio de tanta dor tivo momentos de alivio para ver no Belén a réplica da súa aldea e por uns intres sentirse neno recordando os xogos que facían cando ían leva-lo gando ó monte, as cabriolas, e como unha simple vara de abelá se convertía nun dos mellores cabalos que trotaban por aquelas corredeiras, imaxinando que detrás daquelas montañas o estaba agardando un mundo

moi distinto ó que lle tocara vivir de neno. Quería seguir soñando ata que se parou nunha foto de casas do Belén e nunha delas, ó carón da calor da lareira, alumeando coa luz dun candil, viu a súa nai, a que non se cansou de esperar por ese fillo que perdera en vida e que tódalas noites, antes de deitarse, rezaba e agardaba por el. Coas mans trementes agarrouse a Gabriel: Grazas, meu neto, é o agasallo máis grande que endexamais me fixeron. Xa me podo ir tranquilo.



XOSÉ ROMÁN ESCOURIDO BASANTA

Crego de San Xoán de Covas e outras parroquias da bisbarra, é arcipreste de Viveiro e Delegado diocesán de Santuarios, Peregrinacións e Turismo.

En 1995 foi nomeado Socio de Honra da Asociación de Veciños de Bravos. No 2004 foi Pregoeiro do Nadal en Viveiro. Ten publicados varios artigos na revista “Pregón” da Semana Santa de Viveiro.

Con 18 anos obtivo o segundo Premio de Poesía das Festas Minervais no Colexio Landro de Viveiro, e logo (1970) o Mexilón de prata en Vilagarcía de Arousa.

En 2004 acadou mención de Honra no certame do Belén de Begonte, en 2005 o Segundo Premio, e en 2009 unha nova Mención de Honra.

UNHA NOVA ESTRELA NO BELÉN DE BEGONTE

Cando o sol quente de cheo, no tempo de verán, naceu unha estrela. Ó longo dos días foi medrando, escomezou a súa andadura por un firmamento de liberdade e de armonía con toda a creación. Pero, era ben certo que tiña que buscar un camiño para ir alumeando neste cosmos con demasiada escuridade sabendo da posibilidade de pertencer á Via Láctea, Camiño de Santiago; escomezando de súpeto a danzar derriba do mar, e logo de mirarse no espello das augas que refrexan a luz do faro de punta Candieira, voou por riba da Capelada. Alí, atopou outros lucciros que a convidaron a formar parte do seu grupo, indicándolle tamén que tiña que ir a unha igrexiña e alí poñer o seu nome. Elas con algarabía dixeronlle que eran as esterlinas do Camiño de San Andrés de Lonxe. A nosa estrela entrou no lugar santo e tomou o nome de Andrea e de seguido bebeu dos tres canos para seguir polo mundo como lumieira do Santo Apóstolo.

Xa de conversa con outras estrelas, decidiu ir ás terras de Begonte para alumear un belén, onde aprender daquela xente un fermoso xeito de vivir.

Andrea correu e brincou por un ceo de néboa e cores, deténdose no lugar onde estaba o fermoso belén.

A estreliña entrou nun mundo máxico e entre lóstregos e folepas de neve cruzouse cun anxo que viaxaba polo firmamento. Alí era posible observar a felicidade daquela xente: os zoqueiros co seu son, o panadeiro co seu ben facer do alimento de cada día, o ferreiro dándolle maña ós ferros, a velliña co fuso convertindo o liño, o carpinteiro petando na madeira

e no muiño unha muller a peneira-lo no trigo; máis perto da montaña uns pastores coidando as súas ovellas e quentándose no lume que fumea paseniñamente. Aló cerca do río que acariña as pedras e as follas das árbores unha labrega tende a roupa coas meixelas coloradas.

Andrea entende que toda ésta xente recolle a luz das estrelas para alumear a súa vida e convivir en armonía. Toda ésta xentiña está no belén porque nunha corte, no máis humilde recuncho, naceu o neno Deus. Eles que eran xente de bó corazón o atoparon. Andrea tamén descubriu que nun castelo era imposible entrar a levarlles luz, xa que o rei que alí vivía, pechado no seu egoísmo, non quería ver a bondade e o ben. A estreliña sentía moita pena por-

que elas alumean ás xentes para que vexan o bó da vida.

Andrea foi de présa e chegou ó portal, alí de xeonllos achegouse a Xesús e deulle gracias por aprender de toda aquela xente de Begonte un estilo fermoso de vida, buscando na sinxeleza, na convivencia, no respecto e na harmonía e así poder compartir o amor.

Sería un bó desexo que cada ano novas estrelas aprendesen no belén de Begonte un xeito de ser felices e ó mesmo tempo nos transmitan luz para nós; mentres lembramos a outras como D. Xosé Dominguez Guizán que alumearon o noso belén e agora están sendo luz nun lugar de vida e paz.



CENTRO CULTURAL "JOSÉ DOMÍNGUEZ GUZÁN"
BEGONTE (LUGO) – DEC. 2010-XANEIRO 2011